

**Xunta de Persoal Docente da provincia de Lugo**

**26 DE OUTUBRO DE 2018 ás 10 h. na Sala de Prensa da Xefatura Territorial de Educación de Lugo**

**ORDE DO DÍA:**

**1. CONCURSO XERAL DE TRASLADOS: XUBILACIÓNS E PROPOSTA DE VACANTES.**

**Organizacións presentes: FETE-UGT, STEG, CIG, CSIF, ANPE, CC OO**

A inspectora xefa fai notar, antes do comezo da xuntanza, que as vacantes dos CPI envíanse dende Compostela.

Comenta que no Ceip Paradai hai unha xubilación de Orientación, que é de máis de setenta, que esta vacante saíu ao concurso específico de Orientación e está cuberta.

Epapu de Monterroso: hai unha xubilación 021 pero sae por Adultos.

Comenta tamén que hai unha excedencia voluntaria por interese particular no Ceip Virxe do Carme, e esa vacante aquí non aparece, porque a carga o sistema dende a Consellería en Compostela. Por tanto, non figura na listaxe achegada ás organ. sindicais.

Hai unha excedencia 038 en Taboada do mesmo tipo. Tampouco está.

Comeza a xuntanza polas vacantes de Secundaria.

**MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS, EOI E ARTES APLICADAS**

**CMUS de Lugo:** 1 de acordeón, 1 de contrabaixo, 1 de gaita galega, 1 de guitarra, 1 de oboe, 2 de linguaxe musical.

**CDAN:** 2 423 de piano e 2 de linguaxe musical

**EOI de Lugo:** 2 de francés, 2 de galego, 2 de inglés.

**EAA Ramón Falcón:** 2 vacantes de deseño gráfico, 1 516 de Historia do Arte e 1 de Serigrafía.

*\*consultar listaxe de vacantes colgada na web.*

## **CORPO DE MESTRES**

Pregúntase por se naquelas prazas compartidas poderase ver con que centros se comparte. A inspectora xefa di que non hai motivo para non sábelo, pois dispónse dela, pero fai notar que esa previsión está feita de maio e podería variar agora no CXT en función das necesidades, que puideron cambiar. É unha información non fiable. Estas vacantes compartidas non se asignarán aos colectivos de participación forzosa.

**CEIP VIRXE DO CARME:** reclámase que unha das prazas ten que ser bilingüe.

XI informa que puido quedarse no tinteiro, comprométese a míralo pois puido haber un erro.

**CPI O COUREL:** coméntase que quedou unha vacante 035 o ano pasado e non se cubriu no Concurso.

A inspectora xefa comenta que non hai unidade de educación infantil creada, ten 18 alumnas/os, dos cales 15 son de primaria e 3 de infantil; son centros que ao diminuír van a quedar nunha soa unidade, malia que se lle está mantendo as 2 unidades por unha cuestión de 'discriminación positiva'.

**CPI CASTROVERDE:** reclámase unha vacante de Primaria (038) que non se cubrira.

A inspectora xefa di que este centro está conforme ao catálogo: 13 definitivos +2 que son 15, os que corresponden por catálogo.

**CEIP PARADAI:** reclámase unha de primaria a maiores.

A inspectora xefa comenta que se deron circunstancias que agora cambiaron. Di que ten 3 PT.

**CPI NAVIA DE SUARNA:** reclámase unha 034 que non sae.

A inspectora xefa comenta que a inspectora non a propón; tamén que existe a posibilidade de que se reduzan unidades dende Compostela. Ela di que se van manter as 2 unidades.

**CPI PEDRAFITA:** reclámase 1 vacante de Música (035).

A inspectora xefa alude ao pouco alumnado.

Dende o STEG faise unha reflexión en voz alta. Coméntase que á vista dos feitos nos centros do rural e, malia agradecer a boa disposición da Xefatura de Inspección, alguén con poder de decisión na Consellería ou na Xunta terá que plantearse nalgún momento cara onde nos leva este camiño e que realmente terá consecuencias moi negativas; estase a producir un abandono do rural cara as grandes cidades e nalgún momento haberá que intervir para invertir a tendencia e dar algún sinal positivo, tamén dende o ensino, que poida contribuír en maior ou menor medida a fixar a poboación, ou alomenos inténtalo.

A inspectora xefa di que iso é un problema político que trascende as atribucións deste foro, pero que é un problema máis complexo; que os municipios teñen que traballar tamén e que a Consellería só non vai resolver esa cuestión; que existe o firme compromiso de evitar esa situación e que comparativamente con outras partes do Estado, a atención á diversidade está moi ben cuberta; convídase a consultar os números.

O STEG insiste nas súas posicións, di que efectivamente é un problema que non só depende do ensino, pero ecoñecendo que é un problema moito máis complexo, na medida das posibilidades, tamén o ensino é un dos aspectos fundamentais do problema.

**CEIP FRAI LUIS DE GRANADA:** reclámase unha praza de Francés.

**CEIP CELEIRO:** reclámase unha praza de Francés.

XI comenta que no caso de Celeiro teñen unha dirección por riba de catálogo.

**EI VIVEIRO:** reclámase que o PT sexa a tempo completo, dadas as necesidades que presenta o alumnado.

XI comenta que antes tiña 10 profesores de catálogo e que de todas formas, considerase que está ben atendido para atender as necesidades que efectivamente ten.

**CPI PEDRAFITA:** reclámase a praza de Orientación.

XI di que terá que saír e que ao mellor puido quedar sen cubrir, pero ten sede e centro adscrito. Ten que saír.

Reclámanse unha serie de PTs por incremento de catálogo.

Concretamente: Sagrado Corazón, Casás, Paradai, Gregorio Sanz

XI comenta que nun CADP, en relación ás unidades reais de funcionamento, podería atender esa cuestión para as necesidades do centro pero que no CXT non pode sacar máis prazas das legalmente aprobadas.

Alude ao Gregorio Sanz: explica que ten 12 unidades creadas e que este curso ten 13 funcionando, porque en 5º ten 54 nenos.

A XI descúlpase finalmente polo pouca marxe de tempo con que se remitiron as vacantes.

Alude a informacións aparecidas na prensa e quere expresar o seu malestar e disconformidade coas mesmas, e incidir en que o traballo da Inspección sempre se limitou a criterios técnicos, obxectivos conforme á observación da lexislación vixente, ao contrario do que se insinúa nalgúñas informacións aparecidas na prensa de hoxe venres 26.

Sen máis temas que tratar, péchase a reunión ás 11: 40 h. da mañá.